



**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN EN FAVOR DE QUEN PADECEU PERSECUCIÓN DURANTE O GOLPE DE ESTADO, A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA E AS DITADURAS**.

Case medio século despois da morte do ditador, Francisco Franco, en Galicia aínda existen centos de rúas, placas, privilexios e distincións de carácter franquista e falanxista. Acadar un listado completo e pormenorizado é realmente complexo, posto que as administracións públicas nunca elaboraron un inventario completo destes restos que representan figuras antidemocráticas. Algúns sociólogos e investigadores identificaron máis de 650 símbolos en case un cento de concellos de Galicia, detallando que Ourense acumula medio cento repartidos nunha ducia de municipios.

Mais a cifra de louvanzas ao golpe de estado, á guerra civil e á posterior ditadura é realmente maior. Moitos municipios, especialmente aqueles situados no ámbito rural, manteñen estes recoñecementos, ademais de en rúas ou edificios públicos, tamén en construcións de carácter civil máis pequenas coma fontes, antigas escolas, estatuas ou esculturas. Así mesmo, decenas de miles de vítimas directas e indirectas permanecen desaparecidas por todo o Estado, tamén en Galicia.

Esta anómala e inaudita situación dentro do contexto europeo no que se sitúa España, xa foi denunciada en numerosas ocasións por organizacións internacionais e pola comisión de dereitos humanos da Organización das Nacións Unidas (ONU).

Desde o ano 2007, o Estado español conta cunha norma legal –Lei 57/2007–, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen medidas a favor de quen sufriu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura. Entre outras disposicións, establece claramente que os escudos, chapas, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas da exaltación persoal ou colectiva do levantamento militar, a guerra civil e a represión da ditadura “deben ser retirados” dos edificios e dos espazos públicos.

A desaparición desta simboloxía, tal e como indica o texto subliñado do parágrafo anterior, non é unha decisión potestativa dos responsables que gobernan as administracións públicas; é un mandato preceptivo que está a ser incumplido flagrantemente. Ademais, esta insurrección non está a ter consecuencias para os incumplidores e incumplidoras, a pesar de que a lei prevé que as administracións públicas “poden retirar subvencións ou axudas” a quen non actúe como está previsto.

Desde hai uns meses, tamén está en trámite o anteproxecto da nova Lei da Memoria Democrática, que será aprobado proximamente nas Cortes Xerais. O texto ten como obxecto o recoñecemento dos que padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, de conciencia ou crenza relixiosa, de orientación e identidade sexual,



durante este período. A norma afonda tamén no “deber de memoria como garantía de non repetición”, insistindo na retirada dos símbolos e elementos públicos “contrarios á Memoria Democrática” e introduce medidas para “evitar actos de exaltación ou enaltecemento do alzamento militar, a guerra civil ou o réxime ditatorial”.

Así mesmo, inclúe un réxime sancionador co fin de regular as infraccións e sancións, en garantía do cumprimento da legalidade, establecendo multas comprendidas entre os 200 euros para as infraccións leves e os 150.000 euros para as moi graves.

Ante a supervivencia destes símbolos e a próxima actualización da lei, os e as socialistas consideramos necesario que esta Deputación Provincial reclame por escrito aos municipios, entidades locais, entidades e organizacións de Ourense, que aínda manteñen simboloxía de carácter franquista, fascista ou antidemocrática, a súa inmediata retirada, co fin de cumprir a normativa vixente en favor de quen padeceu persecución ou violencia. Igualmente defendemos que esta institución non debe conceder subvencións a quen non cumpra co estipulado nesta lexislación.

Desde o PSdeG-PSOE de Ourense tamén cremos que a Xunta debería impulsar a aprobación dunha normativa autonómica propia neste ámbito. Moitas comunidades autónomas como Andalucía, Aragón, Catalunya, Illes Balears, Cantabria, Castilla y León, Euskadi, Asturias, Extremadura, Navarra, La Rioja ou Comunitat Valenciana contan, desde hai anos, con lexislación propia estruturada en torno a leis, decretos, ordes ou regulamentos, que permiten matizar e adaptar e matizar o marco global aprobado polas Cortes Xerais. É incontestable que, contar cun abano regulatorio propio, permitiría dar un pulo importante ao cumprimento desta lexislación no territorio galego, onde as medidas normativas propias son case inexistentes.

A lexislación estatal e os acordos internacionais subscritos por España, tamén proclaman o “deber” que teñen as administracións públicas no “recoñecemento” das persoas perseguidas, represaliadas ou asasinadas. Estas actuacións deberían ser actos *motu proprio* de todas administracións públicas porque así o dita o sentido común: as vítimas de ditaduras ou enfrontamentos civís non poden ser ignoradas e desatendidas nunha democracia. Por desgraza non está a acontecer isto. Por iso defendemos que esta Deputación Provincial debe actuar ante dous deses colectivos: os e as ourensáns que foron perseguidos e represaliados durante o golpe de estado de 1936, a guerra civil e a posterior ditadura, e aqueles perseguidos e asasinados polo nazismo.

O recoñecemento simbólico do primeiro colectivo podería materializarse mediante a colocación de fitos ou placas en lugares especialmente significativos da provincia, en recordo dos veciños e veciñas que sufriron esta persecución ou violencia. Este tipo de honras ás vítimas son habituais noutros lugares de España e de Europa, pero en Ourense e Galicia escasean. Os espazos nos que se localizarían deberían ser acordados nunha comisión de expertos conformada por técnicos desta institución, investigadores da



Facultade de Historia do Campus de Ourense e por representantes da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica.

O segundo colectivo podería ser recoñecido sumando a esta institución ao proxecto ‘Adoquines para o recordo’ da Fundación *Stolpersteine*, do que xa forman parte miles de localidades dunha vintena de países europeos. Formar parte deste proxecto supón a instalación de pequenas placas de bronce no chan, en recordo dos e das ourensáns deportados e encerrados nos campos de concentración e exterminio nazis. Estas placas, localizadas xunto aos domicilios das vítimas, incluírían nome, data de nacemento e data e campo nazi no que foi recluída.

En Europa xa se instalaron miles de adoquíns deste proxecto, unha iniciativa á que poderían sumarse o case medio cento de persoas da provincia que, segundo se documentou nos últimos anos, foron deportadas a estes campos de tortura, vexación e morte. Nicolás Rodríguez, Avelino Pérez, Joaquín Balboa, Isauro González, Francisco Cortés ou Abilio Álvarez son algunhas desas vítimas ourensáns do nazismo, totalmente silenciadas, segundo documentou o investigador Eladio Anxo Fernández Manso.

Esta Deputación Provincial impulsou a publicación dunha páxina web ([www.depourense.es/represion](http://www.depourense.es/represion)), elaborada en colaboración coa Facultade de Xeografía e Historia do Campus de Ourense, que permitía localizar ás persoas que sufriron a represión franquista entre 1936 e 1945. Incluso possibilitaba a aportación de datos para localizar máis vítimas. Sen embargo, unha década despois, a páxina non está operativa e esta institución nunca explicou as causas da súa desaparición. Polo tanto, é necesario recuperar e ampliar o camiño que esta institución iniciaría a finais da primeira década deste século.

En definitiva: é inconcibible que, case tres lustros despois da entrada en vigor desta lexislación en materia de memoria histórica e democrática, aínda existan incontables administracións, entidades e organizacións da provincia que incumpren o disposto nela. Os representantes públicos non poden estar instalados na ilegalidade permanente neste ámbito e, por iso, esta corporación, como máximo órgano colexiado de representación da vontade popular da veciñanza da provincia, debe impulsar o cumprimento das normas das que democraticamente se dotou a nosa sociedade.

Igualmente a corporación debe impulsar, dentro das súas competencias e en base ao mandado na lei e nos acordos internacionais, o recoñecemento dos veciños e veciñas de Ourense que, ao longo do último século, foron perseguidos, represaliados ou asasinados.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar por escrito aos concellos, organizacións ou entidades que aínda manteñen simboloxía franquista, fascista, antidemocrática ou calqueira outra de análoga natureza, a súa inmediata retirada, co fin de cumprir a normativa vixente en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante o golpe de estado, a guerra civil e a ditadura.



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

988 317 993

CIF: G32244345

2. Que a Deputación Provincial de Ourense non conceda subvencións ou axudas públicas aos concellos, organizacións ou entidades que manteñen simboloxía franquista, fascista, antidemocrática ou calqueira outra de análoga natureza.
3. Que a Deputación Provincial de Ourense instale fitos ou placas de recoñecemento simbólico en lugares especialmente significativos da provincia, en recordo dos veciños e veciñas da provincia que sufriron persecución e represión durante o golpe de estado de 1936, a guerra civil e a posterior ditadura.
4. Que a Deputación Provincial de Ourense se sume ao proxecto ‘Adoquines para o recordo’ da Fundación *Stolpersteine*, co fin de executar a instalación de placas identificativas dos veciños e veciñas da provincia deportados a campos de concentración e exterminio nazis.
5. Instar ás entidades locais da provincia de Ourense á elaboración dun inventario municipal, en colaboración coa Deputación Provincial, que detalle as rúas, placas, símbolos, honras ou calqueira outra distinción de carácter análogo, de exaltación franquista, fascista ou antidemocrática.
6. Instar á Xunta de Galicia ao impulso e aprobación dunha Lei de Memoria Democrática propia da comunidade autónoma.

En Ourense, 16 de abril de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**